

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AOS POSTOS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BRIÓN

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

DECLARA:

1. Que o 24 de febreiro de 2022 se recibiu na Academia Galega de Seguridade Pública a certificación da persoa titular da Secretaría do Concello de Brión do acordo adoptado no Pleno do dito Concello o 16 de febreiro de 2022 aprobando a adhesión do Concello de Brión ao convenio para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso as diferentes categorías dos Corpos de Policía Local e auxiliares de policía local.

2. Que en virtude desta comunicación procédese a redactar o convenio antes descrito e dar traslado deste á Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para a súa tramitación.

3. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A delegación polo Concello de Brión na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso as diferentes categorías dos corpos das policía locais e auxiliares de policía local.
- En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías dos corpos de policía local do Concello de Brión, así como para os postos de auxiliares de



policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

4. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

5. Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.

Dentro dese marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

O concello asinante aprobou nos seu Pleno municipal, adoptados en cumprimento do previsto no artigo 123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril, delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e auxiliares de policía local, por todo o tempo de vixencia deste convenio.



6. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

7. Que este convenio tipo foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza con data 2 de xaneiro de 2018.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

